



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 Costas González, Xosé Enrique
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 Gueimonde Canto, Ana I.
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato de La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Pérez Castrillo, Lois
 Pita Grandal, Ana M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rodríguez Berrocal, Francisco
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Troncoso Durán, Dolores
 Varasa Paredes, Javier
 Vázquez López, Ezequiel M.

DESCULPAN ASISTENCIA:

Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Legido Soto, José Luis
 Pousada Carballo, José M^a
 Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 2 de marzo de dous mil cinco, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e as 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O mércores, día 2 de marzo de 2005, ás 10:35 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Convocatoria axudas de investigación ano 2005.
4. Límite de prazas para o curso 2005/06.
5. Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2005/06.
6. Oferta de materias de libre elección do curso 2005/06.
7. Asuntos de profesorado: solicitude de comisión de servizos Convocatoria de prazas a habilitación nacional. Convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2005-06.
8. Aprobación, se procede, de procedementos de avaliación da actividade docente.
9. Proposta de nomeamento de novo Xerente.
10. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polas seguintes alumnas: Dna. M^a Esther Gil Alonso e Dna. Ángeles Trabada Crende (alumnas da E.U. de estudos empresariais).
11. Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado polos profesores: Dna. M^a Isabel Cal Bouzada, D. Carlos M^a Fernández-Jardón Fernández e Dna. M^a Victoria Verdugo Matés contra o POD do curso 2004-05 do Departamento de economía aplicada.
12. Modificación técnica da normativa de equivalencia entre programas de doutoramento e títulos propios de posgrao da Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de ciencias da educación de Pontevedra e do Regulamento de réxime interno do departamento de enxeñería telemática.

14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade Estadual Paulista “Júlio de Mesquita Filho” e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Sorocaba (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en *Lingüística galega* – Convenio específico de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en *Literatura e construción da identidade na Galiza* – Acordo de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Pontificia Universidade Católica do Río Grande do Sul-PUCRS.
15. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).
16. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2005.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- En relación cos novos títulos, non hai nada novo e estase traballando no tema coa idea de que no mes de maio estea elaborado un borrador.
- Da promesa (extraoficial) de que no mes de marzo vai haber unha proposta de reforma da LOU.
- Da reunión con representantes dos estudantes para falar do documento do novo calendario, estase a ver cómo se poden reflectir as aportacións no documento.
- Da concesión á universidade na última convocatoria de fondos FEDER duns 6.5 millóns de € aínda non é oficial.
- Das conversas cos profesores afectados polo texto aprobado en Consello de Goberno e que ten que ver cos compromisos de estabilidade e de plans de promoción.
- Da presentación (o xoves día 24 de febreiro) do proxecto do arquitecto Paulo Mendes da Rocha. Ábrese un prazo de dous meses para enviar suxestións antes de pasar a facer o proxecto executivo.
- Do comezo do ciclo de conferencias sobre “O futuro modelo territorial do Estado”. O xoves día 3 ás 12 terá lugar a primeira a cargo do presidente do PNV.

- Parabéns para o profesor da Facultade de ciencias do mar, D. Federico Vilas Martín, polo seu nomeamento como académico correspondente da Real Academia Española de las Ciencias.

- A continuación, a secretaria xeral informa sobre o rogo feito pola Sra. Corbacho no derradeiro Consello de Goberno de traer unha análise sobre o que significou o concentrar os exames de decembro nunha semana.

Di que soamente tres centros do campus de Ourense solicitaron por escrito ampliar o prazo: a E.S. de enxeñaría informática, a Facultade de ciencias da educación e a Facultade de dereito. Os dous primeiros xustificaban a solicitude e concedéuselles a ampliación. Á Facultade de dereito pedíuselle que xustificase a solicitude e o decano comprometeuse a encaixar as datas.

En relación co número de aprobados, soamente é posible comparar os resultados cos do curso 2003-04, xa que foi a partir dese ano cando a non presentación levaba consigo non contabilizar convocatoria, o resultado é que a porcentaxe de aprobados é moi similar e non se aprecian diferenzas.

Punto 3.- Convocatoria axudas de investigación ano 2005.

O vicerreitor de investigación explica as dúas variacións máis importantes que hai en relación coa convocatoria do ano pasado:

- Dar un pulo especial nas axudas aos profesores contratados a tempo completo afectados pola transitoria 3ª asumida polo Consello de Goberno, e que afecta principalmente ás axudas para estadias en centros de investigación radicados fóra de Galicia, asistencia a congresos, subvención á investigación para grupos en formación.

- Desprecarización das situacións dos bolseiros predoutorais. Esta universidade vai dar un paso nese sentido de xeito que as axudas aos bolseiros que xa fixeron o 3º ciclo e que están realizando a tese de doutoramento se convertan en contratos laborais. As únicas convocatorias nas que permanece a condición de bolsas son para estudantes de 3º ciclo ou ben as bolsas puntuais para un ano para facer o traballo experimental do segundo ano do curso de doutoramento. O resto das convocatorias permanece igual.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Barreiro propón que nas bolsas predoutorais para estudantes estranxeiros se amplíe o prazo de solicitude.

O vicerreitor di que ese prazo non afecta aos estudantes que poden solicitar esas bolsas.

Apróbase a convocatoria por asentimento.

Punto 4.- Límite de prazas para o curso 2005/06.

A vicerreitora de organización académica e profesorado di que a documentación de que dispoñen os membros do Consello de Goberno recolle as propostas que chegaron dos centros e as da COAP.

Os criterios xerais utilizados pola COAP foron:

- Non aceptar aumento de prazas en titulacións nas que continúa existindo unha lista de espera importante (Turismo e segundo ciclo de Empresariais en Ourense, Tradución e interpretación, Enxeñería técnica industrial (Electrónica industrial), Enxeñería técnica industrial (Química industrial) e Enfermería (POVISA) en Vigo.

- Aceptar as propostas de diminución de prazas na Licenciatura en administración e dirección de empresas e na Diplomatura de empresariais.

- Propoñer ao Consello de Goberno que pasen a non ter límite de prazas as titulacións nas que o curso pasado quedou máis do 20% de prazas vacantes. No campus de Pontevedra: Xestión e administración pública e Enxeñería técnica forestal; no campus de Vigo: Economía, Química, Bioloxía, Enxeñería de minas e Relacións laborais.

En relación coa proposta da E.U. de Enxeñería técnica industrial a COAP propón manter os mesmos do ano anterior xa que as variacións propostas non viñan xustificadas.

O profesor Suárez explica a xustificación da solicitude que consta no escrito que figura como Anexo I.

A vicerreitora de organización académica e profesorado propón transmitirle á Dirección do centro que o Consello de Goberno estaría disposto a admitir a redución das 10 prazas na especialidade de Electricidade sempre e cando non as aumente nas outras especialidades.

Apróbase esta proposta.

Apróbase por asentimento a proposta total feita pola COAP. (Anexo II)

A señora Corbacho solicita que algún dos estudantes da Facultade de filoloxía e tradución que están fóra da sala poida entrar a explicar a súa postura no punto seguinte.

O reitor di que hai un tempo para solicitar intervir, e a pesar de que xa fai días que se sabía que hoxe se ía tratar sobre os encargos de docencia, ninguén manifestou a intención de intervir.

Punto 5.- Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2005/06.

A vicerreitora informa primeiro en xeral do encargo de docencia para a continuación tratar os temas puntuais.

A proposta, aprobada pola COAP, recolle o encargo de docencia de todas as titulacións agás o de 5º curso de Tradución e interpretación xa que no momento en que se reuniu a COAP non se dispuña da última proposta presentada polo Decano da facultade e o Director do

Departamento de tradución e lingüística. A vicerreitora di que apoia esta última proposta xa que o custe neto da mesma sería de 352 créditos e que se correspondería cun custe total da titulación en torno aos 1.100 créditos tal e como se falou no derradeiro Consello de Goberno. Nesta proposta a oferta real para o alumnado sería de 414 créditos para 5º curso.

O profesor Domínguez, Decano da Facultade de filoloxía e tradución di que todos os créditos de 5º curso corresponden á área de Tradución e interpretación e na última reunión do Departamento de tradución e lingüística chegouse á proposta de mínimos que se presenta e que o centro asume xa que a Xunta de centro delegou no departamento a elaboración da mesma.

Agradece aos alumnos, ao departamento e a vicerreitora o esforzo realizado para chegar a unha solución e se o Consello de Goberno aproba esta proposta o centro estaría de acordo.

O profesor Durany pregunta se o feito de subir a 414 créditos en 5º significa que o custe real é inferior.

O reitor di que se fixo un estudio conxunto da titulación para que o custe neto non sobrepase o equivalente aos 350 créditos e que se o Decano di que hai unha postura de consenso non cre que haxa moitos problemas para que sexa asumido polo Consello de Goberno.

A continuación, e antes de someter a aprobación a proposta total do encargo de docencia a vicerreitora expón os temas puntuais.

En relación con materias novas a implantar está a materia troncal de 5º curso de Química “Ciencia dos materiais”, que no BOE está adscrita ás áreas: Ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica, Cristalografía e mineraloxía, Edafoloxía e química agrícola, Electrónica, Física aplicada, Física da materia condensada, Enxeñería química, Química inorgánica e Química orgánica.

A Xunta de centro aprobou o encargo da materia á Área de Química inorgánica pero hai un escrito presentado polo Director do Departamento de Enxeñería dos materiais reivindicando a mesma para a Área de Ciencia dos materiais e enxeñería metalúrxica.

A vicerreitora aclara que a materia non ten créditos de laboratorio xa que os créditos prácticos que figuran son de aula e que a Área de Química inorgánica ten unha capacidade docente maior que o encargo de docencia. Informa que a proposta da COAP é aceptar a proposta do centro.

Intervén o profesor Villagrasa, Director do Departamento de Enxeñería dos materiais, mecánica aplicada e construción, di que é unha materia que coincide co nome da área e que en todas as universidades nas que existe esa área está sendo impartida pola mesma. Así mesmo di que esta área leva varios anos impartindo a materia de Metalurxia nesa titulación e como agora desaparece considera apropiado o encargo da nova materia.

O profesor Ezequiel Vázquez, Vicedecano da Facultade de química, di que hai universidades como as de Salamanca, Córdoba, Barcelona, etc. nas que existe a Área de Ciencia dos materiais non obstante esa materia está encargada á Área de Química inorgánica. Considera que a Xunta de centro non tomou unha decisión absurda xa que a Área de Química inorgánica é a

que asume principalmente na licenciatura de Química o contido da Química do estado sólido. Así mesmo aclara que a Área de Química inorgánica asume ese encargo a custe cero.

Rematadas as intervencións sobre este tema o reitor di que desde a mesa asúmese a proposta da COAP e pide aos membros do Consello de Goberno que se acepte por asentimento.

Apróbase por asentimento o encargo feito polo centro.

A vicerreitora di que outros temas puntuais afectan a materias xa implantadas pero para as que hai solicitudes de cambio de encargo por parte do centro.

Na Facultade de ciencias de Ourense, a materia “Introdución á física de materiais” desde a súa implantación ven sendo impartida pola Área de Física aplicada e a proposta do centro é de cambiar o encargo á Área de Física da materia condensada utilizando como argumento que outras materias moi relacionadas coa anterior como son Física de materiais e Ampliación da física de materiais están encargadas á Área de Física da materia.

A proposta inicial da COAP é non admitir o cambio xa que a Área de Física da materia condensada tería que contratar profesorado (ou aumentar dedicación a algún dos que están) e a área de Física aplicada non necesita contratar.

Neste intre (as 11,45) o reitor suspende a temporalmente a sesión debido á interrupción da mesma por parte dos alumnos de Tradución e interpretación que impiden seguir o curso normal da sesión.

Reiníciase a sesión ás 18 horas e o reitor fai constar o agradecemento ao Decano da Facultade de filoloxía e tradución e ao Director do Departamento de tradución e lingüística pola súa contribución a solucionar o problema e a que os alumnos abandonaran a sala de xuntas na que está tendo lugar a sesión do consello de Goberno.

Continuación do punto 5 da orde do día.-

En relación co cambio do encargo da materia “Introdución á física de materiais” a vicerreitora de organización académica e profesorado di que aínda que academicamente é moi defendible propón que quede supeditado ao momento de elaborar o POD para ver se é compatible coa non necesidade de contratar profesorado na Área de Física da materia condensada.

Ao profesor Mejuto, Decano da Facultade de ciencias de Ourense, parécelle ben a solución proposta pola vicerreitora.

Outro cambio de encargo na mesma facultade, por segundo ano consecutivo, é o da materia “Fisioloxía” da Área do mesmo nome, que a viña impartindo ata agora, pola Área de nutrición e bromatoloxía.

A vicerreitora sinala que a proposta da COAP é manter o encargo á Área de Fisioloxía, propón respectar esta decisión para este ano e se o centro detecta unha falta de cumprimento

tanto nas clases teóricas e prácticas como nas titorías para o curso seguinte revisaríase ese encargo.

O profesor Mejuto, decano da Facultade de ciencias de Ourense, está de acordo coa proposta.

O terceiro cambio de encargo corresponde á materia troncal “Sector público II” da titulación de Xestión e administración pública na Facultade de ciencias sociais e da comunicación de Pontevedra. Por terceiro ano consecutivo o centro propón o cambio para a Área de Dereito financeiro e tributario, sendo a Área de Economía aplicada a que a ven impartindo ata agora.

A vicerreitora di que a proposta da COAP é manter o encargo a Economía aplicada e os criterios utilizados son os mesmos que o ano pasado. Di que hai un escrito da dirección do Departamento de economía aplicada e outro da Área de Dereito financeiro e tributario.

O profesor Fandiño, Decano da Facultade de ciencias sociais e da comunicación, indica que na sesión da Xunta de centro na que se propuxo o cambio de encargo había membros da Área de Dereito financeiro que xustificaron a proposta de cambio e non había ningún profesor da Área de Economía aplicada para defender o manter o encargo a esta área, por iso lle sorprende que agora a Área de Economía aplicada teña presentado un escrito á COAP defendendo manter o encargo xa que onde o tiñan que defender era na Xunta de facultade.

Intervén a profesora Pita Grandal, en nome da Área de Dereito financeiro e tributario, di que lle sorprende o escrito de Economía aplicada xa que é na Xunta de facultade onde se teñen que presentar os argumentos. Fai un breve relato dos antecedentes do tema e remata dicindo que pode entender as razóns orzamentarias aducidas pola COAP para non informar favorablemente o cambio pero as razóns académicas se non se explican non se poden entender, por iso pide á vicerreitora que as explique. Así mesmo sinala que a COAP ten un comportamento diferente neste caso xa que en todos os demais respecta a proposta de encargo das Xuntas de centro.

A vicerreitora di que hai razóns académicas que avalan que as dúas áreas están capacitadas para impartila pero non hai razóns académicas que xustifiquen o cambio do encargo.

O profesor Durany di que como membro da COAP síntese aludido, sinala que nesta comisión o que se pretende é establecer uns criterios que sexan aplicables a todos por igual, e aínda que el non é especialista en ningunha destas dúas áreas cre que se nun momento determinado a Xunta de centro optou por encargar a materia á Área de Economía aplicada por algunha razón será.

A profesora Pita Grandal di que non acepta que ninguén lle dea leccións sobre ese tema e anuncia que a área seguirá reclamando esa materia. Solicita que se realice unha votación.

O reitor di que recolle a sensibilidade por parte da Área de Dereito financeiro e tributario sobre este tema e propón a realización dunha votación nos seguintes termos.

| | |
|---|----|
| Votos a favor da proposta da COAP..... | 14 |
| Votos a favor da proposta do centro | 1 |
| Abstencións..... | 5 |

Mantense o encargo da materia “Sector público II” á Área de Economía aplicada.

A continuación a vicerreitora expón o problema relacionado co encargo de docencia nas enxeñerías técnicas de telecomunicación xa que nalgúns materias se sobrepasa o coeficiente de experimentalidade, a COAP encargoulle ao centro que elaborase unha proposta na que se axustasen os créditos de laboratorio pero a Xunta de titulación decidiu manter a proposta inicial.

A solución proposta pola vicerreitora á dirección do centro é que non habería problema en aceptar a proposta do mesmo sempre que iso non implique novos grupos de laboratorio; se isto se acepta así, non importa que os créditos sigan figurando como créditos de laboratorio.

O Consello de Goberno acepta esta proposta supeditada a que o centro a acepte.

A continuación o reitor propón a votación final sobre as materias optativas ofertadas e o encargo de docencia tal e como queda coas decisións parciais que se tomaron neste Consello de Goberno:

| | |
|-----------------------|----|
| Votos a favor | 20 |
| Votos en contra | 0 |
| Abstencións..... | 1 |

Queda aprobada a oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2005-06. (Anexo III)

Punto 6.- Oferta de materias de libre elección do curso 2005/06.

A vicerreitora informa dos criterios utilizados pola COAP para a elaboración da proposta que se presenta:

- Non aceptar propostas de novas materias de libre elección de campus.
- Se unha materia de libre elección de campus ten baixa matrícula, elimínase e non se substitúe por outra.

Os casos nos que se suscitan problemas entre a proposta do centro e a da COAP son os seguintes:

A Facultade de ciencias de Ourense propón instituír a materia Modelización e simulación ambiental encargada á Área de Física da materia condensada.

A proposta da COAP é esperar ao momento de elaboración do POD e se este transvase de créditos non significa custe neto para a universidade non habería problema en aceptar a proposta do centro.

Outro caso corresponde á E.U. de enxeñería técnica industrial que o ano pasado propuxo o cambio da materia “Informática avanzada para a enxeñería” por “Técnicas non destrutivas para o control de calidade na industria e na construción” e este ano volve a propoñer o cambio da segunda de novo pola primeira. Esta última materia so ten un ano de vida e ten matrícula

suficiente polo que a COAP non encontra xustificado cambiala por outra e propón que se espere a impartila un ano máis.

O profesor Suárez expón as causas polas que o centro acordou facer esta proposta de cambio (ver Anexo IV).

A vicerreitora di que este ano a materia vai con unha oferta de 100 prazas en lugar de 50.

Despois de varias intervencións o reitor propón aprobar a proposta da COAP por asentimento.

Apróbase por asentimento a oferta de libre elección do curso 2005-06 (Anexo V).

Punto 7.- Asuntos de profesorado: solicitude de comisión de servizos Convocatoria de prazas a habilitación nacional. Convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2005-06.

A vicerreitora de organización académica e profesorado trata por separado os tres apartados deste punto.

En primeiro lugar hai unha solicitude de comisión de servizos ao profesor D. Marco A. Villagómez Cebrián, catedrático de universidade da Área de Dereito procesual, para a súa comisión de servizos na Universidade Carlos III de Madrid, o informe do departamento é favorable, e a COAP está de acordo coa concesión.

A profesora Pita Grandal pide que se realice votación.

| | |
|--|----|
| Votos a favor da concesión da comisión de servizos | 15 |
| Votos en contra da concesión da comisión de servizos | 0 |
| Abstencións..... | 1 |

Queda aprobada a comisión de servizos.

O segundo tema é a solicitude do Departamento de química física da saída a habilitación nacional dunha praza de Catedrático de universidade na Área de Química física.

A vicerreitora informa de que esta área ten un so CAT-UN e 14 TIT-UN, e xa hai un profesor desa área habilitado a nivel nacional para participar no concurso de acceso, aínda que é necesario sacar en primeiro lugar a praza a habilitación nacional.

Apróbase por asentimento.

O terceiro apartado corresponde á “Convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2005-06”. A vicerreitora de que a diferenza esencial coa do ano anterior está na introdución no segundo parágrafo dos obxectivos: a frase “cando sexa necesario”, que o ano pasado non figuraba. Outra diferenza é que este ano propónse facer a convocatoria antes de elaborar o POD.

Apróbase por asentimento.

Punto 8.- Aprobación, se procede, de procedementos de avaliación da actividade docente.

O vicerreitor de innovación e calidade aclara que se trata de procedementos de valoración da actividade docente e non de avaliación como figura na convocatoria. Comenta algúns aspectos do procedemento que se presenta e di que no período de alegacións houbo moitas suxestións e intentouse que o documento recollese a maior parte. Aclara que esta proposta é soamente para facer o reparto económico da produción docente para este ano, estes fondos van ao capítulo II e non se trata dun reparto individual.

O profesor Durany propón modificar a fórmula para o cálculo da valoración global da actividade docente (VAD) de cada profesor.

Despois das intervencións dos profesores Suárez, Membiela e Pita Grandal que enriqueceron o texto, o vicerreitor concreta os cambios e apróbase por asentimento (Anexo VI).

Punto 9.- Proposta de nomeamento de novo Xerente.

O reitor informa de que segundo o Artigo 76 dos estatutos “O xerente será proposto e nomeado polo reitor de acordo co Consello Social, oído o Consello de Goberno e informados os representantes do persoal de administración e servizos...” Lembra que este Consello de Goberno nomeara a D. Manuel Castro Oliva como vicexerente, que á súa vez, e desde a xubilación do anterior xerente, D. Augusto Viso Alonso, é xerente en funcións. Agora trae a proposta a este consello de propoñer a D. Manuel Castro Oliva como xerente definitivo para elevalo ao Consello Social.

Acéptase a proposta por asentimento.

O reitor engade que informará por escrito aos representantes do persoal de administración e servizos da proposta.

Punto 10.- Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas polas seguintes alumnas: Dna. M^a Esther Gil Alonso e Dna. Ángeles Trabada Crende (alumnas da E.U. de estudos empresariais).

O vicerreitor de innovación e calidade informa que como resultado da aplicación dos criterios aprobados no derradeiro Consello de Goberno resulta favorable á admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentadas pola alumna Dna. M^a Esther Gil Alonso para as materias: Matemáticas F.I e Matemáticas I.

En relación coa reclamación de Dna. Ángeles Trabada Crende, a proposta sae desfavorable pero vaise comprobar co centro para ver se hai outra cualificación diferente ao “non presentado”, en caso de erro volveríase a traer ao próximo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a estimación dos dous recursos de alzada presentados pola alumna Dna. M^a Esther Gil Alonso contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular das materias “Matemáticas F. I” e “Matemáticas I”.

Punto 11.- Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado polos profesores: Dna. M^a Isabel Cal Bouzada, D. Carlos M^a Fernández-Jardón Fernández e Dna. M^a Victoria Verdugo Matés contra o POD do curso 2004-05 do Departamento de economía aplicada.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que este recurso vai en contra dos criterios de reparto de docencia do Departamento de economía aplicada xa que os recorrentes consideran que vulnera o Regulamento de réxime interno do centro. A Área de Economía aplicada é unha macroárea que ven utilizando desde hai anos o criterio de reparto segundo categoría, antigüidade e idade dentro de cada unidade docente das que compoñen a área. A vicerreitora considera que estes criterios non implican incumprimento do regulamento e que se apoian no artigo 34.3 b) do Regulamento de profesorado. Os membros do Consello de Goberno dispoñen de copia de todos os escritos relacionados co tema.

En nome dos recorrentes intervén o profesor Fernández-Jardón e di que non é certo que en anos anteriores se aplicaran eses criterios xa que nunca existiron unidades docentes ata este ano e que aos asinantes do recurso se lles encargou docencia que non ten relación coa unidade docente a que pertence; considera que eses criterios utilízanse soamente nalgúns casos polo que solicita que o reparto de docencia se faga por área e seguindo os criterios de prelación de corpos, antigüidade e idade.

O reitor da lectura a un escrito do Director en funcións do departamento que estaba invitado a intervir neste punto pero que tivo que ausentarse (o escrito figura como anexo VII).

O profesor Fernández-Jardón insiste en que hai unha única área e iso é o que tiña validez ata agora, e que foi neste curso cando apareceron as unidades docentes.

O profesor Gago, que foi director dese departamento durante varios anos, di que a docencia sempre se organizou por unidades docentes.

Rematadas as intervencións, o reitor somete o punto a votación:

| | |
|--|----|
| Votos a favor da desestimación do recurso | 13 |
| Votos en contra da desestimación do recurso..... | 1 |
| Abstencións | 2 |

Queda desestimado o recurso de alzada presentado polos profesores Dna. M^a Isabel Cal Bouzada, D. Carlos M^a Fernández-Jardón Fernández e Dna. M^a Victoria Verdugo Matés contra o POD do curso 2004-05 do Departamento de economía aplicada.

Punto 12.- Modificación técnica da normativa de equivalencia entre programas de doutoramento e títulos propios de posgrao da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente informa de que a modificación técnica afecta ao Artigo 7 da normativa e xurde pola diferenza entre os anteriores cursos de doutoramento nos que a docencia teórica impartíase ao longo dos dous anos e nos de agora concéntrase toda no primeiro ano, polo que se non se fai a modificación non é posible

emitir títulos de posgrao o primeiro ano e hai que esperar ao segundo ano para obtelo. A modificación afecta so aos títulos propios por equivalencia.

Aprobase por asentimento (Anexo VIII).

Punto 13.- Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de ciencias da educación de Pontevedra e do Regulamento de réxime interno do departamento de enxeñería telemática.

Apróbanse por asentimento.

Punto 14.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade Estadual Paulista “Júlio de Mesquita Filho” e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Sorocaba (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en *Lingüística galega* – Convenio específico de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en *Literatura e construción da identidade na Galiza* – Acordo de cooperación entre a Universidade de Vigo e a Pontificia Universidade Católica do Río Grande do Sul-PUCRS.

Apróbanse por asentimento.

Punto 15.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes) e Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).

Hai unha única candidatura presentada á Comisión de investigación polo sector de estudantes e hai dous postos vacantes polo que sae elixido D. Óscar Méndez Franco.

Punto 16.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 19:50 horas do día 2 de marzo de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe